


MUSEO LISTE

ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN 2018

Como todos os anos, o Museo Liste programa actividades especiais dirixidas a grupos de nenos e nenas que a través de campamentos urbanos, ludotecas, academias ou grupos particulares, previamente establecidos, desexen visitar o Museo.



Estas actividades ofertaranse do 1 ao 15 de xullo debido a que, este ano, serán acometidas obras de conservación no Museo con inicio sinalado para o día 16 de xullo.

PROPOSTA 1: ONDE ESTÁN AS CHAVES?

Contido: visita lúdica pensada para aqueles grupos que desexen conxugar coñecemento e diversión.

Metodoloxía: percorreremos o Museo para coñecer os aspectos mais destacables de cada sala e as pezas mais senlleiras. Despois, utilizando capacidades dedutivas, memoria e habilidades, teremos que ir superando probas e resolvendo enigmas ata atopar unha clave que proporcionará a combinación da caixa forte cuxa apertura acredita ter acadado o obxectivo final.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor-guía.


Duración: 90 minutos (duración aproximada).

Lugar: salas do Museo.

Datas: do 1 ao 15 de xullo de 2018.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 6 a 12 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



PROPOSTA 2: MARCANDO RÍTMO

Contido: Achegamento ao mundo da percusión que constitúe unha das actividades máis antigas do ser humano xa que este, dende moi antigo, percutiu obxectos co fin de provocar sons con diferentes finalidades (tarefas domésticas; caza; danzas, música, xogos e rituais; ...)

Metodoloxía: coñeceremos a percusión; os seus instrumentos, tanto tradicionais como os pertencentes a outras culturas; e, como o ritmo que marca formou, sempre, parte de nós. Tamén construiremos un pequeno instrumento e, como colofón, achegarémonos á percusión corporal ou *body percussion* que converte o noso corpo nun verdadeiro instrumento.

Soporte didáctico: diversas pezas en exposición, materiais didácticos e monitor-guía.

Duración: 120 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste ou xardín circundante.

Datas: do 1 ao 15 do mes de xullo de 2018.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 3 a 16 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



PROPOSTA 3: XOGANDO EN FAMILIA

Contido: percorrido autónomo polo Museo para familias a través dunha serie de propostas que probarán as súas capacidades dedutivas e coñecementos.

Obxectivos: potenciar a visita en familia e o coñecemento das coleccións expostas no Museo.

Metodoloxía: as familias, guiadas polos caderniños dispoñibles en recepción, visitarán dun xeito diferente o Museo.

Soporte didáctico: caderniños- guía.

Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Datas: sábados, 7 e 14 do mes de xullo de 2018.

Dirixido a: familias sen necesidade de solicitar cita previa.

Prezo: aplicarase o prezo de entrada ao Museo.





INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org